


Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril

Tema 10 para composición de texto histórico

2º Bach. - IES Mendiño - 2023/2024

Prof. Xael Díaz Alonso



A industrialización de España

A industrialización de España

- O sector predominante na España do século XIX era o primario, pero a industria comezaba a gañar peso.
- A industrialización **iniciouse nos sectores téxtil (co algodón) e siderúrxico (o ferro)**, que foron os máis dinámicos neste século, coma no resto de Europa.




A industrialización de España

Revolución Industrial

La expansión de la industrialización en Europa*

1840-1914

- Origen de la Revolución Industrial
- Industrialización temprana
- Industrialización tardía
- Industrialización débil
- Depósitos de carbón (C)
- Depósitos de hierro (Fe)
- Principales áreas industriales



*Fronteras hacia 1890

Cartografía:

Abel Gil Lobo (2020)

Fuentes:

BRGM (2008); Eurostat (2018); Enciclopedia Británica (2018)

A industrialización de España





A indústria têxtil

A industria téxtil

- A pesar da escaseza de carbón e da reducida demanda, en certas zonas xurdiron **fábricas de tecidos de algodón**, sector que iniciará a industrialización en España.
- **Cataluña foi o centro** desta actividade pola abundancia de man de obra, a mentalidade empresarial e a política proteccionista dos distintos gobernos españois.



A industria téxtil

- O **proteccionismo** fixo que os industriais cataláns, opostos ao liberalismo, evitasen a competencia dos téxtiles ingleses.
- O resultado do proteccionismo foi a **parálise do comercio e da mellora da actividade productiva**; a falta de competencia desincentivou a innovación e a introdución de novas tecnoloxías.




A industria téxtil


- O desenvolvemento industrial catalán baseouse na introdución a comezos do século XIX de **máquinas** movidas por rodas hidráulicas ou máquinas de vapor, como as “selfactinas”.
- Houbo unha **progresiva mecanización** do sector téxtil, aínda que non foi comparable ao caso inglés.



A indústria têxtil



A indústria têxtil



A industria téxtil

- **A evolución da industria téxtil** foi marcada polo contexto histórico: tras a parálise do primeiro terzo do XIX, houbo unha expansión entre 1830 e 1855, e despois unha recesión pola desviación de investimentos e pola Guerra de Secesión americana.
- A liberdade de comercio con América desde 1869 propiciou unha recuperación, que acabou en 1898.



A industria téxtil

- A **industria da la**, xa mecanizada, instalouse en sobre todo en Terrasa e Sabadell, manténdose outros centros tradicionais pola especialización.
- A **industria da seda** levantina entrou moi pronto en crise, instalándose en Cataluña a finais de século, e a **industria do liño**, tradicional en Galicia, desapareceu ao non saber adaptarse ás novas técnicas.






Minaría e siderurxia


Minaría e siderurxia

- A minaría estivo ***estancada*** polo atraso económico, a escasa demanda, a falta de capitais e de tecnoloxía e a intervención do Estado, que freaba o investimento estranxeiro.
- A ***Lei de Bases sobre Minas*** (1868) e outras medidas librecambistas favoreceron á minería, ao tempo que aumentaba a demanda.




Minaría e siderurxia

- Esta expansión apoiouse no investimento estranxeiro e na “desamortización” do subsolo, pola venda de minas a mans privadas.
- O ferro representaba o 60% das minas, seguido de chumbo, cobre e mercurio. España exportaba moito ferro, pero tiña moi pouca produción siderúrxica.



Minaría e siderurxia

- Aínda así, a minaría desenvolveu a **siderurxia vasca**, destacando a empresa da **familia Ybarra**. A grande expansión chegará desde 1871, con novas empresas como os **Altos Hornos de Vizcaya**.
- O atraso relativo da siderurxia debeuse á liberdade de importación derivada da Lei de ferrocarrís, a baixa demanda ou o atraso técnico.



Minaría e siderurxia





Outras actividades industriais


Outras actividades industriais

- Ademáis das industrias téxtil e siderúrxica había outras de menor peso, herdeiras da tradición artesanal e dos antigos obradoiros.
- Os **muíños**, tanto para moer como para fabricar papel, tiveron unha lenta modernización, e a **industria fariñeira** desprazouse cara Cataluña e Aragón.



Outras actividades industriais

- Modernizáronse industrias dependentes do sector agrario, como aceite de oliva, viños, augardentes...
- Andalucía, Cataluña e Valencia exportaban **viño** e pasas, e na expansión deste sector destacou a inversión estranxeira, xa que diversas familias (Domecq, Osborne, Terry...) monopolizaron a produción de viño “sherry” de Xerez.



Outras actividades industriais



Outras actividades industriais

- A praga da filoxera, que afectou moito a Francia entre 1875 e 1885 beneficiou moito aos produtores nacionais, pero cando chegou a España, afectounos profundamente!
- Ligados a este sector estaban as industrias da **cortiza** (sobre todo en Xirona) e outras industrias do **alcohol**.



Outras actividades industriais

- A **industria mecânica** tivo pouco peso, sendo a primeira fábrica a “Bonaplata” de Barcelona, destruída nunha revolta urbana.
- Estas empresas fabricaban maquinaria para a industria téxtil e para o ferrocarril ou os estaleiros que se abriron en Barcelona e Biscaia a finais do século XIX.





Os meios de transporte

Os medios de transporte

- O comercio e o transporte son claves na articulación nacional, pero na España do século XIX non se resolveron problemas como as **barreiras naturais e fiscais**.
- Malia os intentos, apenas se conseguiu a unidade de mercado, é dicir, que os produtos básicos circularsen libremente polo país.



Os medios de transporte

- A rede viaria de **estradas e camiños** era moi deficiente, aínda que se fixeron obras de reforma de trazados, reducindo os tempos de viaxe.
- O **transporte marítimo** mellorou coa ampliación dos portos, a mellora da navegación a vela e, a finais de século, coa introdución da navegación a vapor.



Os meios de transporte





O ferrocarril

O ferrocarril


- A primeira **liña de ferrocarril** de España foi a que unía ***La Habana e Bejucal***, en Cuba, no ano 1837, pola interese da industria azucreira.
- O éxito da primeira na península Ibérica, a ***liña Barcelona – Mataró***, de 1848, levou a unha grande especulación arredor deste negocio, creando un malestar social clave na chegada do Bienio Progresista.



0 ferrocarril

PRIMERA LOCOMOTORA QUE CIRCULO EN ESPAÑA

CON LA QUE SE INAUGURO, EN EL DIA 28 DE OCTUBRE DE 1848, EL FERROCARRIL DE BARCELONA A MATARO



— Escala de 1 por 10 —

Reproducción de la copia del natural
que efectuó el alumno D. Manuel Gar-
bajo Moreno en el curso de 1875-1876

ESCUELA DE INGENIEROS INDUSTRIALES
DE BARCELONA
Curso de 1927-1928

El profesor
D. Juan y Arce
Los alumnos
D. Manuel Garbajo Moreno, D. Manuel Gar-
bajo Moreno, D. Manuel Garbajo Moreno
Dibujado por D. Manuel Garbajo Moreno

O ferrocarril



0 ferrocarril



O ferrocarril

- Nese Bienio aprobouse a nova **Lei Xeral de Ferrocarrís** (1855), que estimulou a creación da rede básica.
- Para financiar este proxecto, aprobáronse tamén dúas ***leis sobre bancos e sociedades de crédito***. Nos primeiros dez anos contruíronse 4.500 km, e no ano 1900 había xa 13.200, apenas 2.000 de vía estreita.



0 ferrocarril



0 ferrocarril



O ferrocarril

- Cando se trazou a construción de vías férreas decidiuse que España, ao ser un país montañoso, precisaba un **ancho de vía maior** para asegurar a estabilidade do tren.
- Esta decisión provocou que non se puidese enlazar as vías españolas coas francesas, dificultando o transporte de mercadorías a Europa.



O ferrocarril

- A maior cantidade de vías férreas construíuse na década posterior a 1855 (cunha media de 450 km anuais), xerando unha ***burbulla especulativa***.
- Neste crecemento contribuíron a axuda do Estado, os avances técnicos e o capital estranxeiro.




O ferrocarril

- Creáronse ao redor de vinte compañías ferroviarias, entre as que destacaron a **MZA** (Madrid – Zaragoza – Alacante), o **Ferrocarril do Norte** ou a **SJC** (Sevilla – Jerez – Cádiz). Sen embargo, esta especulación xerou unha gran crise.
- A finais do século XIX o ferrocarril xa revolucionara as comunicacións e era o principal medio de transporte.




O ferrocarril




La Estación de la línea férrea de Madrid a Ali



0 ferrocarril



0 ferrocarril



Grabado De la época donde se aprecia la primitiva estación del ferrocarril Sevilla-Jerez-Cádiz.

Ânimo co estudo!

